




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A AVALIACIÓN DA EDICIÓN 2018 DOS FESTIVAIS DE MÚSICA PORTAMÉRICA, RESURRECTION FEST, SINSAL, SONRÍAS BAIXAS E REVENIDAS

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **Antonio López Díaz**, na súa calidade de reitor da **Universidade de Santiago de Compostela** (en adiante USC), con CIF Q-1518001A, con sede na Praza do Obradoiro, 15705, Santiago de Compostela (A Coruña), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Pola súa banda, a **Universidade de Santiago de Compostela** é unha institución pública que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, e que ten entre as súas funcións a difusión, valorización e transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social e o apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

SEGUNDO.- A Agadic e a USC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2018 que reforcen a acción cultural que se desenvolve en Galicia a prol do desenvolvemento e coñecemento da cultura galega promovendo traballos e estudos de investigación sobre diferentes ámbitos culturais.

TERCEIRO.- Avaliar a cultura resulta fundamental de cara a unha xestión eficiente dos recursos e, consecuentemente, para aplicar melloras nos procedementos e na intelixencia organizativa que permitan incrementar a produtividade e a eficiencia no seu uso. Neste contexto, a toma de decisións na asignación de recursos débese facer máis que nunca seguindo criterios de calidade, impacto, eficiencia, eficacia e pertinencia que permitan o crecemento socioeconómico dunha comunidade, localidade, país ou rexión e unha mellora substancial nas condicións de vida da súa poboación.

Medir o impacto dun evento cultural nas súas dimensións económica, social e comunicativa co obxectivo de ter datos que xustifiquen o investimento público, atraian investimento privado e motiven a asistencia de público, establecer posibles relacións entre as variables das diferentes dimensións de análise dos eventos co fin de establecer propostas que apoiem a toma de decisións e permitan a mellora nos campos da comunicación, a programación e a xestión económica dos eventos son os principais obxectivos do traballo de avaliación que se pretende levar a cabo, que analiza cinco dos festivais de música referentes en Galicia: o Portamérica, de Caldas de Reis; o Resurrection Fest, de Viveiro; o Festival SinSal, da Illa de San Simón; o Sonrías Baixas, de Bueu, e o Revenidas, de Vilaxoán. Coñecer os intereses de cada *target*, as súas demandas, grao de satisfacción e niveis de implicación redundará nunha mellora da eficacia, eficiencia e pertinencia das accións realizadas en futuras edicións.

CUARTO.- Que a Agadic considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa USC que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto e que contribúan a potenciar os programas de investigación e desenvolvemento cultural, estreitando a coordinación entre as administracións públicas con competencias na materia para aproveitar as sinerxías, incrementar a posibilidade de financiamento e acadar unha maior calidade e eficiencia na acción cultural.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a avaliación da edición 2018 dos festivais de música galegos Portamérica, Resurrection Fest, SinSal, Sonrías Baixas e Revenidas, de cara coñecer os roles e perfís adoptados polos diferentes públicos aos que se dirixen e o impacto económico, social e mediático mediante a atracción






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

directa, indirecta ou inducida de turismo, a fixación do gasto, a creación de emprego, ao aumento da visibilidade ou xeración de orgullo e arraigamento local.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola USC nun proceso de colaboración continua coa Agadic. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

As actividades obxecto do convenio serán dirixidas polo investigador principal, Francisco Javier Sanjiao Otero, profesor titular do departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, que designará o persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará as diferentes actividades, xestionando calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actuacións a través dos medios materiais, técnicos e humanos necesarios para a súa consecución.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.


Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. A USC comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)**, no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A USC comprométese, ademais, a aplicar a achega económica prevista na cláusula sétima ás actividades obxecto do convenio e a realizar as actividades que lle son propias segundo o establecido na lexislación vixente.

CUARTA.-SEGUIMIENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa.





QUINTA.- PRESENTACIÓN DO PROXECTO

A USC informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións e os informes responderán ao previsto no programa de actividades.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da USC actuará como responsable desta comisión o vicerreitor de Investigación ou persoa que designe en substitución.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, Agadic comprométese a achegar á USC a cantidade de **48.000** na aplicación orzamentaria 10.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018.


Se por calquera circunstancia as actividades obxecto do presente convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, a USC quedará obrigada á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en tres fases:

- **50%** tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun escrito acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación do proxecto.
- **25%** durante o mes de **agosto** co obxecto de seguir avanzando no financiamento das seguintes fases do proxecto. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun informe explicativo** sobre o desenvolvemento e execución do proxecto.
- **25%** unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento da actividade presentado no proxecto económico, que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da seguinte documentación:

- **Memoria descritiva das actividades desenvolvidas**, con indicación das posibles desviacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a firma do convenio, e das súas causas e incidencias.
- **Memoria económica**, con **desagregación e explicación** de cada un dos gastos realizados para a realización das actividades, indicando que tales gastos teñen relación co obxecto do convenio. Todas as desviacións ou variacións con respecto ao proxecto económico presentado para a firma do convenio deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria.





- **Certificación dos gastos realizados na que se indiquen os acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento, clasificados segundo os apartados da memoria económica presentada para a firma do convenio.**
- Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 300 euros. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión "recibín en metálico".

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pago con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificados aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte da USC, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

A USC ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da USC. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.


En calquera caso a USC poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.





DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a USC acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados pola USC, debidamente xustificados como se recolle na cláusula sétima, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **20 de decembro de 2018**.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

Será de aplicación no desenvolvemento deste convenio a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, os principios establecidos na lexislación de contratos.





DÉCIMO QUINTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan na data que figura na marxe

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta

Director

(P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/8/2012)

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Antonio López Díaz

Reitor

